

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**10090** *Corrección de erros do Real decreto 579/2017, do 9 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos relativos á fabricación, presentación e comercialización dos produtos do tabaco e os produtos relacionados.*

Advertidos erros no Real decreto 579/2017, do 9 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos relativos á fabricación, presentación e comercialización dos produtos do tabaco e os produtos relacionados, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 138, do 10 de xuño de 2017, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 4, no número 1 do artigo 2, segunda liña, onde di: «... no artigo 1.d) que se fabriquen...», debe dicir: «... no artigo 1.e) que se fabriquen...».

Na páxina 6, no ordinal 1.º da alínea ad) do artigo 3, primeira liña, onde di: «1.º Non está comprendido...», debe dicir: «1.º Non está comprendido...».

Na páxina 13, na alínea c) do número 2 do artigo 18, segunda liña, onde di: «... en toda a embalaxe exterior.», debe dicir: «... en toda embalaxe exterior.».

Na páxina 14, no número 1 do artigo 20, primeira e segunda liñas, onde di: «... unidades de envasado de tabaco para lear...», debe dicir: «... unidades de envasado da picadura para lear...»; e na terceira e cuarta liñas do mesmo número, onde di: «... Unha unidade de envasado de tabaco para lear...», debe dicir: «... Unha unidade de envasado de picadura para lear...».

Na páxina 14, na alínea c) do número 2 do artigo 21, onde di: «... os produtos de tabaco.», debe dicir: «... os produtos do tabaco.».

Na páxina 16, no número 1 do artigo 23, primeira liña, onde di: «... comercializar un produto de...», debe dicir: «... comercializar un produto do...»; e na terceira liña do mesmo número, onde di: «... a través do Portal UE-CEG,...», debe dicir: «... a través do Portal EU-CEG,...».

Na páxina 17, no número 1 do artigo 26, terceira liña, onde di: «... a través do Portal UE-CEG,...», debe dicir: «... a través do Portal EU-CEG,...».

Na páxina 18, no número do artigo 28 que comeza por: «1. Los dispositivos...», débese eliminar: «1.».

Na mesma páxina, na alínea f) do artigo 28, primeira liña, onde di: «f) Que administren as doses de nicotina...», debe dicir: «f) Que os dispositivos susceptibles de liberación de nicotina administren as doses de nicotina...».

Na páxina 19 queda suprimido o número 2 do artigo 28.

Na mesma páxina, na alínea b) do número 1 do artigo 30, segunda liña, onde di: «... nas súas alíneas b) e d) referente...», debe dicir: «... nas súas alíneas a) e c) referente...».

Na páxina 20, no número 2 do artigo 33, terceira liña, onde di: «... achegados ao Portal UE-CEG...», debe dicir: «... achegados ao Portal EU-CEG...».

Na páxina 21, no número 1 do artigo 37, terceira liña, onde di: «... a través do Portal UE-CEG,...», debe dicir: «... a través do Portal EU-CEG,...».

Na páxina 23, no número 2 do artigo 41, terceira liña, onde di: «... achegados ao Portal UE-CEG...», debe dicir: «... achegados ao Portal EU-CEG...».

Na páxina 25, no número 1 do artigo 47, primeira liña, onde di: «1. A Subdirección Xeral de Promoción da Saúde e Epidemioloxía...», debe dicir: «1. A Subdirección Xeral de Promoción da Saúde e Vixilancia en Saúde Pública...».